# TAREFAS DO 15 AO 19 DE XUÑO

## > ACTIVIDADES DE LECTOESCRITURA

### . EXERCICIO 1

- Visualizar o seguinte vídeo en you tube: "Aprender a pronunciar y leer las vocales es español con Grin Conciencia fonológica", no seguinte enlace: https://youtu.be/FtCeZgTgS9Y
- Realizar a ficha da páxina 4 (no caso de non poder imprimir, realizar unha copia da ficha de forma manual nun folio).

### . EXERCICIO 2

- Realizar a ficha de atención da páxina 5 (no caso de non poder imprimir, realizar unha copia da ficha de forma manual nun folio): axuda ao cangrexo a chegar á sombrilla sen chocar con ninguna cuncha e colorea o debuxo.

## > ACTIVIDADE PLÁSTICA

Realizar un portalápices para gardar o material escolar, ao tempo que personalizamos a nosa habitación.

Móstroche varios para que poidas ter algunhas ideas para facer o teu.










Precísanse tres rollos de papel hixiénico e unha base de cartón. Decora os rollos de papel hixiénico ao teu gusto (píntaos con rotuladores de cores, con pintura de dedo e pincel, debúxalle caras de diferentes tipos, engádelle gomets… como a ti che

guste.). Se queres que algún sexa máis curto que outro para empregalo para gardar gomas, sacapuntas ou o que ti queiras, dille aos teus pais que cho corten. Se queres facer o portalápices da última imaxe, debes seguir estos pasos:

| | | | |
|---|---|---|---|
|  |  |  |  |
| 1. Hai que facer un corte de arriba a abaixo en cada rollo de papel hixiénico. | 2. Une os tubos con grapas e forma con eles un trébol. | 3. Pega o trébol nunha base de cartón. Unha vez seco o pegamento, redondea a base con tesoiras. | 4. Pinta os botes coas túas cores favoritas por dentro e por fóra. |

## EDUCACIÓN EMOCIONAL (SÓ O GRUPO A)

Rememoramos algún dos momentos no que mellor o pasamos no colexio, debuxámolo e contámolo.

UNE DE ACORDO COA LETRA POLA QUE COMEZAN.

# A E I O U

    

